



OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

16. CASTELO DA PÍA DA MOURA



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 575425 Y 4642440



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado Castelo da Pía da Moura pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”. Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

O granito desta zona é biotítico, é dicir, con micas de cor escura e ten grandes cristais de feldespato que, nalgúns zonas, alcanzan varios centímetros de lonxitude no seu eixo máis longo. Estes grandes cristais brancos, cando se observan na superficie máis alterada do granito, adquiren un certo relevo, xerando na superficie unha textura de "dentes de cabalo", debido á súa semellanza cos dentes deste animal.

A erosión do granito ten unha interesante representación na zona. No caso da Pía da Moura destacan as seguintes formacións que se incorporaron á cultura e etnografía locais: Penedo da Pinga, Penedo das Letras, Penedo dos Caúños, Penedo dos Pousadoiros e Pía da Moura.

Por esta zona percorre unha ruta de sendeirismo que mostra estas formas xeolóxicas e chega ata o castro dos Castelos e a Pía da Moura. As vistas que se poden gozar neste lugar tamén permiten a observación dun relevo en teclas.